

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

8712 *Real decreto 640/2014, do 25 de xullo, polo que se regula o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios.*

A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, regula no seu artigo 53 o sistema de información sanitaria do Sistema nacional de saúde e dispón que este conterá información, entre outros aspectos, sobre os recursos humanos.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, prevé no seu artigo 5.2 a existencia de rexistros públicos de profesionais como un instrumento de garantía para os profesionais e para os pacientes.

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, recolle no seu artigo 16 a obriga para os servizos de saúde das comunidades autónomas de establecer rexistros de persoal, nos cales se inscribirán aqueles que presten servizos nos seus respectivos centros e institucións sanitarias.

O Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e a seguridade das súas prestacións, introduciu unha disposición adicional décima na Lei 16/2003, do 28 de maio, pola cal se crea o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios.

A Lei 3/2014, do 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, contén diversas modificacións das leis sanitarias dirixidas a configurar o marco legal deste rexistro.

O Real decreto 81/2014, do 7 de febreiro, polo que se establecen normas para garantir a asistencia sanitaria transfronteiriza, e polo que se modifica o Real decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación, traspón no noso ordenamento xurídico a Directiva 2011/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, relativa á aplicación dos dereitos dos pacientes na asistencia sanitaria transfronteiriza, e regula o intercambio de información sobre profesionais sanitarios entre as autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea, referíndose ao rexistro no seu artigo 19.

A creación deste rexistro ten como finalidade facilitar a adecuada planificación dos recursos humanos sanitarios de todo o Estado e a coordinación das políticas sanitarias en materia de recursos humanos no Sistema nacional de saúde. Pola súa vez, a integración do rexistro no sistema de información sanitaria do Sistema nacional de saúde facilitará o cumprimento destes fins.

O carácter público de determinados datos do rexistro contribuirá a xerar maior seguridade e confianza nos profesionais do noso sistema de saúde. O seu soporte dixital facilitará, ademais, a accesibilidade aos datos que conteña.

Case todas as comunidades autónomas regularon os seus rexistros de profesionais sanitarios baseándose no Acordo do Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde sobre os rexistros de profesionais sanitarios do 14 de marzo de 2007. Cómpre coordinar a información contida nestes rexistros e determinar o procedemento de incorporación dos datos ao rexistro estatal. Da mesma forma, deben establecerse os mecanismos de integración da información que consta nos rexistros doutras entidades como os colexios profesionais, consellos autonómicos e consellos xerais destes, centros sanitarios privados ou entidades de seguro que operan no ramo da enfermidade.

Co ánimo de conseguir a colaboración con estas entidades, considérase a posibilidade de que se poidan subscribir os instrumentos xurídicos que resulten precisos para o funcionamento e desenvolvemento do rexistro regulado neste real decreto.

Este real decreto someteuse a informe dos ministerios de Defensa, de Facenda e Administracións Públicas, de Xustiza, de Emprego e Seguridade Social e do Ministerio do Interior, da Axencia Española de Protección de Datos, das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla, da Federación Española de Municipios e Provincias, dos consellos xerais das organizacións colexiais de profesionais sanitarios, así como das organizacións empresariais e sindicais do ámbito sanitario. Así mesmo, conta co informe da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, do Comité Consultivo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, en diante rexistro, creado polo Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e a seguridade das súas prestacións, no cal se incorporarán os datos dos profesionais sanitarios a que se refire o artigo 4.

Artigo 2. *Natureza e finalidade do rexistro.*

O rexistro ten natureza administrativa e estará integrado no sistema de información sanitaria do Sistema nacional de saúde previsto no artigo 53 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e ten por finalidade:

- a) Facilitar a adecuada planificación das necesidades de profesionais sanitarios do Estado.
- b) Coordinar as políticas de recursos humanos no ámbito do Sistema nacional de saúde.

Artigo 3. *Órganos competentes.*

1. O rexistro estará adscrito á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que será o órgano encargado da súa organización e xestión, así como da incorporación dos datos dos profesionais sanitarios ao rexistro e de lles requirir estes datos, cando proceda, aos organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6.

Así mesmo, esta dirección xeral será a encargada de elaborar un informe anual, que se fará público, cos datos máis relevantes dos profesionais sanitarios, e será tamén a responsable de adoptar as medidas que garantan a confidencialidade, a seguridade e a integridade dos datos contidos no rexistro.

2. A Dirección Xeral de Ordenación Profesional será o órgano competente para instruír os procedementos sancionadores incoados por infraccións relativas ao rexistro, previstas na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, cuxa sanción corresponderá á persoa titular da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo.

CAPÍTULO II

Características do rexistro

Artigo 4. *Profesionais cuxos datos están suxeitos a incorporación.*

1. No rexistro incorporaranse os datos dos seguintes profesionais sanitarios, sempre que exerzan a súa actividade no territorio nacional:

a) Os profesionais sanitarios con título universitario da rama de ciencias da saúde ou con título de especialista en ciencias da saúde, a que se refire a Lei 44/2003, do 21 de novembro.

b) Os profesionais da área sanitaria de formación profesional a que se refire a Lei 44/2003, do 21 de novembro.

c) Os profesionais sanitarios a que se refire a disposición adicional sétima da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.

2. No rexistro poderanse incorporar voluntariamente os datos dos profesionais mencionados no número anterior que, non exercendo a súa actividade no territorio nacional, cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou estar en posesión dunha autorización de residencia e traballo en vigor en España.

b) Non encontrarse inhabilitado ou suspendido para o exercicio profesional.

Artigo 5. *Contido do rexistro.*

Incorporaranse ao rexistro os seguintes datos dos profesionais sanitarios a que se refire o artigo 4:

- a) Número de incorporación ao rexistro.
- b) Nome e apelidos.
- c) Número do documento nacional de identidade (DNI) ou tarxeta de identidade do estranxeiro (TIE).
- d) Data de nacemento.
- e) Sexo.
- f) Nacionalidade.
- g) Medio preferente ou lugar para efectos de comunicacións.
- h) Titulación.
- i) Especialidade en ciencias da saúde.
- j) Diploma en áreas de capacitación específica.
- k) Diploma de acreditación e diploma de acreditación avanzada.
- l) Situación profesional.
- m) Exercicio profesional.
- n) Lugar de exercicio.
- o) Categoría profesional.
- p) Función.
- q) Desenvolvemento profesional.
- r) Colexición profesional.
- s) Cobertura de responsabilidade civil en cada un dos ámbitos de exercicio profesional.
- t) Suspensión ou inhabilitación para o exercicio profesional.

A definición e o contido destes datos recóllense no anexo I.

Artigo 6. *Organismos, entidades e corporacións obrigados a comunicar os datos.*

1. Están obrigados a comunicar ao rexistro os datos a que se refire o artigo anterior, nos termos do anexo II, os seguintes organismos, entidades e corporacións:

a) O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en canto aos datos que figuren no Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais, no Rexistro de Títulos Académicos e Profesionais non Universitarios, no Rexistro Central de Títulos e no Rexistro Nacional de Especialistas en Ciencias da Saúde.

b) O Ministerio de Defensa, respecto aos profesionais da sanidade militar incluídos nos seus rexistros de persoal.

c) Os demais departamentos ministeriais e os organismos públicos vinculados ou dependentes destes e, en particular, o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, respecto aos profesionais sanitarios incluídos nos seus rexistros de persoal.

d) As consellerías das comunidades autónomas e os organismos públicos vinculados ou dependentes destas, respecto aos profesionais sanitarios incluídos nos seus rexistros de persoal.

e) As consellerías de sanidade das comunidades autónomas e os organismos públicos vinculados ou dependentes destas, e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, en canto aos datos dos seus rexistros de diplomas de acreditación e diplomas de acreditación avanzada.

f) As entidades que integran a Administración local, respecto aos profesionais sanitarios incluídos nos seus rexistros de persoal.

g) Os colexios profesionais, consellos autonómicos e consellos xerais do ámbito sanitario, en canto aos profesionais colexiados incluídos nos seus rexistros.

h) Os centros sanitarios privados inscritos no Rexistro Xeral de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios previsto no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, respecto dos seus rexistros de profesionais sanitarios.

i) As entidades de seguro que operen no ramo de enfermidade a que se refire o artigo 43 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, respecto dos seus rexistros de profesionais sanitarios, unicamente respecto a aqueles profesionais sanitarios vinculados ás entidades de seguro en virtude dunha relación laboral.

j) As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, respecto dos profesionais sanitarios incluídos nos seus rexistros de persoal.

k) Os servizos de prevención de riscos laborais que non sexan propios das administracións públicas, respecto dos profesionais sanitarios incluídos nos seus rexistros de persoal.

l) Os xulgados e tribunais, respecto aos datos necesarios que conteñan as sentenzas de inhabilitación ou suspensión para o exercicio profesional que se fagan firmes desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. A obriga de remitir estes datos recae sobre os organismos, entidades e corporacións obrigados, e non sobre o profesional sanitario quen, non obstante, poderá comunicar directamente os datos a que se refire o artigo 7.2 para que se proceda á súa incorporación no rexistro.

Artigo 7. *Incorporación ao rexistro dos datos dos profesionais sanitarios.*

1. Os organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6 deberán comunicar ao rexistro os datos que incorporen aos seus respectivos rexistros no prazo máximo de sete días desde que os anoten.

2. Para a incorporación dos datos dun novo profesional ao rexistro requirirase a recepción por este, ao menos, dos datos previstos nas alíneas b), c), h), g) e t) do artigo 5 e, cando corresponda, tamén dos previstos nas alíneas i), l), m), r) e s). A incorporación

implicará a asignación ao profesional dun número de incorporación único previsto na alínea a) do dito artigo 5.

3. A incorporación comunicaráse ao profesional titular dos datos, preferentemente por medios electrónicos, e indicaráse que poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición de conformidade co disposto no artigo 17.

4. Os profesionais sanitarios poderán comunicar directamente os datos a que se refire o número 2 para a súa incorporación no rexistro.

Artigo 8. *Modificación dos datos dos profesionais sanitarios incorporados ao rexistro.*

1. Os organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6 deberán comunicar ao rexistro as modificacións que se produzan nos datos que consten nos seus respectivos rexistros no prazo máximo de sete días desde que os anoten.

2. A modificación dos datos no rexistro poderá ser consultada polos profesionais sanitarios titulares destes utilizando medios electrónicos.

Artigo 9. *Comprobación dos datos.*

1. Cada un dos organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6 comprobará a veracidade dos datos que figuren no seu poder e que estean obrigados a comunicar, antes de os remitir ao rexistro. Tamén comprobarán a veracidade das modificacións dos datos que se produzan, antes de as comunicar ao rexistro.

2. Antes da súa incorporación ao rexistro, o órgano encargado deste procederá a contrastar os datos mediante o cruzamento e a depuración da información.

3. Cando existan dúbidas sobre a veracidade dos datos, ou cando estes poidan resultar erróneos, non se procederá á súa incorporación ao rexistro, o que se comunicará aos órganos, entidades ou corporacións afectadas e aos profesionais, de ser o caso.

Artigo 10. *Certificación da información do rexistro.*

1. O órgano administrativo responsable do rexistro poderá emitir certificados sobre os datos dun profesional sanitario incorporado ao rexistro por petición do titular destes. En todo caso, poderá emitir certificados sobre os datos dos profesionais que teñan carácter público por instancia de calquera persoa que o solicite.

2. Os certificados poderán ser expedidos, en soporte papel ou mediante técnicas electrónicas, no prazo máximo de vinte días desde a súa solicitude.

3. Os certificados emitidos terán carácter informativo. En caso de desconformidade cos datos contidos neles, o profesional sanitario titular dos datos poderá exercer o dereito de rectificación, cancelación ou oposición de conformidade co previsto no artigo 17.

CAPÍTULO III

Acceso, comunicación e intercambio da información

Artigo 11. *Comunicacións ao rexistro.*

1. O rexistro implementarase en soporte dixital. O seu deseño e estrutura permitirán a comunicación electrónica cos rexistros dos organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6, e facilitará que a súa consulta se realice utilizando medios electrónicos.

2. As comunicacións dos organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6 co rexistro realizaranse unicamente utilizando medios electrónicos.

3. As comunicacións dos profesionais sanitarios co rexistro realizaranse, preferentemente, utilizando medios electrónicos, de conformidade co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 12. *Características da cesión de datos.*

1. A cesión de datos deberase facer coas garantías e nas condicións establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas demais disposicións reguladoras da materia.

2. O soporte, o formato e outras características da transferencia de datos determinaranse mediante orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, de conformidade co disposto no artigo 53.3 da Lei 16/2003, do 28 de maio.

Artigo 13. *Medidas de seguridade.*

1. Implantaranse no rexistro as medidas de seguridade que correspondan, de conformidade co regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, e, en particular, con respecto aos datos de carácter persoal contidos nel.

2. O sistema de información do rexistro cumprirá as medidas de seguridade correspondentes ao Esquema Nacional de Seguridade previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, e no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.

3. Para o acceso ao rexistro, excepto á parte que ten carácter público, será necesario utilizar mecanismos de identificación e autenticación que permitan cumprir as medidas de seguridade establecidas na lexislación vixente.

Artigo 14. *Datos de carácter público.*

1. Terán carácter público os seguintes datos: nome e apelidos, titulación, especialidade, lugar de exercicio, categoría e función do profesional, diploma de área de capacitación específica e diplomas de acreditación e acreditación avanzada, se os houber, e as datas de obtención e revalidación de cada un deles.

2. Exceptúanse do disposto no número anterior os datos dos profesionais sanitarios dependentes do Ministerio de Defensa, do Ministerio do Interior e do Ministerio de Xustiza, así como doutras entidades ou organismos cando se poida pór en risco a seguridade pública ou a seguridade persoal de tales profesionais. Nestes casos utilizaranse, como alternativa, códigos que permitan a súa salvagarda.

Artigo 15. *Acceso ao rexistro.*

1. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade garantirá o libre acceso aos datos do rexistro que teñan carácter público.

2. O acceso aos datos que non teñan carácter público unicamente poderá realizarse para o cumprimento dos fins previstos no artigo 2, por parte das administracións públicas sanitarias que teñan a competencia vinculada a esas finalidades, nos termos que se acordan no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Non obstante, cada un dos organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6 terá acceso aos datos que subministrase.

3. Os datos do rexistro serán accesibles por vía electrónica.

Artigo 16. *Intercambio de información no ámbito da Unión Europea.*

O intercambio de información sobre profesionais sanitarios, para os efectos da asistencia sanitaria transfronteiriza, levarase a cabo de conformidade co disposto no artigo 19 do Real decreto 81/2014, do 7 de febreiro, polo que se establecen normas para garantir a asistencia sanitaria transfronteiriza, e polo que se modifica o Real decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación.

Artigo 17. Protección de datos.

1. Os datos que figuran no rexistro utilizaranse para os fins previstos neste real decreto.

2. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade adoptará as medidas necesarias para garantir a súa utilización para estes fins, ademais dos estatísticos, científicos, históricos e sanitarios, de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Os profesionais sanitarios titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento. Cando os datos non procedan do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, as solicitudes para o exercicio destes dereitos trasladaranse ao órgano ou entidade de que proceda a información, para a súa tramitación, e comunicárselle ao interesado este traslado.

Disposición adicional primeira. Posta en funcionamento do rexistro.

1. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto aprobarase a orde que determine o soporte, o formato e outras características da transferencia de datos a que se refire o artigo 12.2.

2. Os organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6 deberán comunicar, na forma prevista no artigo 11, todos os datos a que estean obrigados no prazo máximo de nove meses desde a entrada en vigor da orde a que se refire o número anterior.

3. Para incorporar por primeira vez os datos dun profesional sanitario ao rexistro deberán ter recibido, ao menos, os datos previstos nas alíneas b), c), h), g) e t) do artigo 5 e, cando corresponda, os previstos nas alíneas i), l), m), r) e s). A incorporación implicará a asignación ao profesional dun número de incorporación único previsto na alínea a) do dito artigo 5. Esta incorporación comunicárselle ao profesional titular dos datos de acordo co previsto no artigo 7.

4. Recibidos os datos, o rexistro estará operativo no prazo de 12 meses desde a entrada en vigor da orde a que se refire o artigo 12.2.

5. A posta en funcionamento do rexistro non suporá incremento das dotacións orzamentarias nin de gastos en materia de persoal.

Disposición adicional segunda. Profesións sanitarias de nova declaración.

1. Os datos dos profesionais sanitarios pertencentes a profesións que se declaren formalmente como profesión sanitaria, titulada e regulada, con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto, incorporaranse no rexistro desde o momento da súa declaración.

2. Para tal efecto, os organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6 deberán comunicar ao órgano encargado do rexistro os datos relativos aos profesionais que exerzan a nova profesión sanitaria, no prazo máximo de dous meses desde a declaración formal da profesión sanitaria.

Disposición adicional terceira. Instrumentos de colaboración.

Poderanse subscribir cantos instrumentos xurídicos poidan resultar precisos para o funcionamento e desenvolvemento do rexistro cos consellos xerais de colexios profesionais e con outras entidades competentes, que non suporán incremento das dotacións orzamentarias existentes.

Disposición adicional cuarta. Rexistros de consellos xerais de colexios profesionais.

De conformidade co disposto no artigo 5.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, o Goberno regulará os criterios xerais e os requisitos mínimos dos rexistros dos consellos

xerais de colexios das profesións sanitarias dentro dos principios xerais que determine o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Disposición adicional quinta. *Consulta de datos referentes ás sentenzas de inhabilitación ou suspensión para o exercicio profesional.*

O órgano encargado do rexistro poderá consultar os datos referentes ás sentenzas de inhabilitación ou suspensión para o exercicio profesional contidas nas inscricións dos rexistros integrados no Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, salvo que se trate de información reservada aos órganos xudiciais. Para iso, o órgano encargado do rexistro solicitará ao órgano competente do Ministerio de Xustiza os datos necesarios do profesional sanitario de que se trate, en cada caso.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Os artigos 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 14, 15, 16 e 17, as disposicións adicionais, a disposición derradeira segunda e os anexos I e II dítanse ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

2. O resto dos artigos dítanse ao abeiro da potestade de autoorganización da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto, así como para modificar, delimitar ou concretar o contido dos seus anexos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xullo de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER

ANEXO I

Definición e contido dos datos dos profesionais sanitarios a que se refire o artigo 5

a) Número de incorporación ao rexistro: código único para cada profesional inscrito que será xerado polo propio rexistro cando se formalice a incorporación.

b) Nome e apelidos: aqueles cos cales o profesional figure no seu documento nacional de identidade, tarxeta de identidade do estranxeiro ou pasaporte.

c) Número do documento nacional de identidade (DNI) ou tarxeta de identidade do estranxeiro (TIE): o que figure no documento correspondente.

d) Data de nacemento: a que figure no documento nacional de identidade, tarxeta de identidade do estranxeiro ou pasaporte do profesional.

e) Sexo: o que figure no documento nacional de identidade, tarxeta de identidade do estranxeiro ou pasaporte.

f) Nacionalidade: a que acredite o profesional a través do documento nacional de identidade, tarxeta de identidade do estranxeiro ou pasaporte.

g) Medio preferente ou lugar para efectos de comunicacións: o que conste nos rexistros dos organismos, entidades e corporacións.

h) Titulación: no caso de que se trate de titulados en España, denominación do título oficial (universitario ou de formación profesional) para o exercicio dunha profesión sanitaria, universidade ou centro educativo e data de obtención. Se o título inicial se obtivo fóra de España (tanto UE como países terceiros), figurará o país de obtención, a denominación do título español recoñecido ou homologado e a data de homologación ou recoñecemento en España, así como a autoridade competente.

– Habilitacións: indicarse tipo de habilitación, data de resolución e autoridade competente.

– Especialistas en formación: indicarse a especialidade, a data de incorporación e o centro/unidade docente acreditada da formación sanitaria especializada.

i) Especialidade en ciencias da saúde:

– Especialistas titulados en España: constará a denominación oficial da especialidade, así como a data de obtención, centro/unidade docente e vía de acceso.

– No caso de homologación ou recoñecemento dun título de especialista obtido fóra de España (tanto da UE como países terceiros): figurará a especialidade que se recoñece, o país de obtención e a data de homologación/recoñecemento en España e a autoridade competente.

– Especialistas en formación nunha área de capacitación específica: indicarse a área, a data de incorporación e o centro/unidade docente acreditada da formación sanitaria especializada.

j) Diploma en áreas de capacitación específica: denominación do diploma oficial, así como o centro/unidade docente, a data de obtención e, de ser o caso, revalidación. No caso de recoñecemento dun diploma de área de capacitación específica obtido fóra de España (tanto UE como países terceiros), figurará o país de obtención e a data de recoñecemento en España.

k) Diploma de acreditación e diploma de acreditación avanzada: denominación do diploma oficial e a data de obtención e, de ser o caso, revalidación, así como a autoridade competente.

l) Situación profesional: indicarse se o profesional está en activo con contrato fixo/indefinido, temporal, ou autónomo e se a xornada de traballo é a tempo completo ou parcial. Se o profesional non está en activo, indicarse se está en desemprego, xubilación ou outras situacións.

En todo caso, deberase comunicar o tipo de actividade que se desenvolve ou se poida desenvolver de acordo coa súa titulación:

– Profesional sanitario con título universitario da rama de ciencias da saúde ou título de especialista en ciencias da saúde.

– Profesional da área sanitaria de formación profesional.

m) Exercicio profesional: para cada situación profesional indicada no punto previo indicárase o tipo de vinculación laboral, é dicir, se o profesional é autónomo ou traballa por conta allea. Neste caso indicárase se traballa para unha entidade pública (servizo de saúde ou outras administracións públicas) ou para unha entidade privada.

n) Lugar de exercicio: enderezo postal do lugar ou lugares onde se prestan os servizos profesionais.

Cando o servizo profesional se preste en centros inscritos no Rexistro Xeral de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios previsto no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, o enderezo postal será o código do centro que figure neste.

o) Categoría profesional: para os profesionais do Sistema nacional de saúde, denominación da categoría, grupo de titulación ou de clasificación (A1 a C2) e praza ou posto de traballo que ocupa no Sistema nacional de saúde.

p) Función:

– Asistencial: cando a función principal do profesional sexa a atención directa aos pacientes.

– Non asistencial: cando a función principal do profesional sexa a xestión, investigación, administración ou docencia, sempre que para desenvolver estas funcións se requira o título de profesional sanitario.

– Sen actividade sanitaria: cando o traballo que desempeña o profesional non require o título de profesional sanitario aínda estando en posesión del.

q) Desenvolvemento profesional: para os profesionais do Sistema nacional de saúde, carreira profesional: nivel ou grao, data do acordo de recoñecemento, organización/autoridade que o expide.

r) Colexición profesional: colexio provincial ou autonómico, número de colexiado, data de colexiación e, de ser o caso, data de baixa.

s) Cobertura de responsabilidade civil en cada un dos ámbitos de exercicio profesional:

– Profesionais de exercicio privado (autónomo ou por conta allea): a certificación do seguro de responsabilidade, aval ou garantía financeira que cubra as indemnizacións que poidan derivar dun eventual dano ás persoas causado con ocasión da prestación da asistencia ou servizo sanitario, así como o seu período de validez.

– Profesionais de exercicio público: xustificación da aplicación do réxime de responsabilidade previsto no título X da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou, de ser o caso, certificación do seguro de responsabilidade, aval ou garantía financeira suscrito pola entidade pública que cubra a responsabilidade civil do servizo público de saúde e dos seus traballadores.

t) Suspensión ou inhabilitación para o exercicio profesional: se o profesional foi suspendido ou inhabilitado pola entidade titular onde presta os seus servizos, polo consello ou colexio profesional, ou polo xulgado ou tribunal de xustiza, correspondentes:

– A data desde a cal comeza a suspensión ou inhabilitación, e o seu período de duración, das sentenzas firmes de inhabilitación ou suspensión para o exercicio profesional.

– Copia das resolucións sancionadoras das administracións públicas que afecten a situación de suspensión ou inhabilitación dos profesionais sanitarios para o exercicio profesional, cando estas se adopten ou sexan efectivas desde a data de entrada en vigor deste real decreto.

– Copia das resolucións sancionadoras das corporacións colexiais que suspendan ou inhabiliten para o exercicio profesional impostas por elas, cando unha lei estatal estableza para este exercicio a obrigación de estar colexiado, sempre que se adopten ou sexan efectivas desde a data de entrada en vigor deste real decreto.

ANEXO II

Datos que debe remitir cada un dos organismos, entidades e corporacións a que se refire o artigo 6

Dato	Profesional sanitario dependente dun empregador con personalidade xurídica pública	Profesional sanitario dependente dun empregador con personalidade xurídica privada
a) Número de incorporación ao rexistro.	– Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.	– Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
b) Nome e apelidos.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das comunidades autónomas (CCAA) e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
c) Número do documento nacional de identidade (DNI) ou tarxeta de identidade do estranxeiro (TIE).	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
d) Data de nacemento.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
e) Sexo.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
f) Nacionalidade.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
g) Medio preferente ou lugar para efectos de comunicacións.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
h) Titulación.	– Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.	– Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Dato	Profesional sanitario dependente dun empregador con personalidade xurídica pública	Profesional sanitario dependente dun empregador con personalidade xurídica privada
i) Especialidade en ciencias da saúde.	– Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.	– Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
j) Diploma en áreas de capacitación específica.	– Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.	– Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
k) Diploma de acreditación e diploma de acreditación avanzada.	– Consellerías de Saúde das CCAA e entidades dependentes. – INXESA.	– Consellerías de Saúde das CCAA e entidades dependentes. – INXESA.
l) Situación profesional.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
m) Exercicio profesional.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
n) Lugar de exercicio.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
o) Categoría profesional.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	
p) Función.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.
q) Desenvolvemento profesional.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	
r) Colexiación profesional.	– Consellos e colexios profesionais.	– Consellos e colexios profesionais.
s) Cobertura de responsabilidade civil en cada un dos ámbitos de exercicio profesional.	– Ministerios e entidades dependentes. – Consellerías das CCAA e entidades dependentes. – INXESA. – Entidades que integran a Administración local.	– Centros sanitarios privados e entidades de seguro. – Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. – Servizos de prevención de riscos laborais.

Dato	Profesional sanitario dependente dun empregador con personalidade xurídica pública	Profesional sanitario dependente dun empregador con personalidade xurídica privada
t) Suspensión ou inhabilitación para o exercicio profesional.	<ul style="list-style-type: none">- Ministerios e entidades dependentes.- Consellerías das CCAA e entidades dependentes.- INXESA.- Entidades que integran a Administración local.- Consellos e colexios profesionais.- Xulgados e tribunais.	<ul style="list-style-type: none">- Consellos e colexios profesionais.- Xulgados e tribunais.